

[Autopoética sen título]

**Xosé M<sup>a</sup> Álvarez Cáccamo**

#### **Formas de citación recomendadas**

##### **1 | Por referencia a esta publicación electrónica\***

ÁLVAREZ CÁCCAMO, XOSÉ M<sup>a</sup> (2012 [1986]). “[Autopoética sen título]”. En *Os documentos da sombra*. Barcelona: Sotelo Blanco, colección Leliadoura. Reedición en *poesiagalega.org*. *Arquivo de poéticas contemporáneas na cultura*.  
<<http://www.poesiagalega.org/arquivo/ficha/f/1831>>.

##### **2 | Por referencia á publicación orixinal**

ÁLVAREZ CÁCCAMO, XOSÉ M<sup>a</sup> (1986). “[Autopoética sen título]”. En *Os documentos da sombra*. Barcelona: Sotelo Blanco, colección Leliadoura.

\* Edición dispoñíbel desde o 16 de febreiro de 2011 a partir dalgunha das tres vías seguintes: 1) arquivo facilitado polo autor/a ou editor/a, 2) documento existente en repositorios institucionais de acceso público, 3) copia dixitalizada polo equipo de *poesiagalega.org* coas autorizacións pertinentes cando así o demanda a lexislación sobre dereitos de autor. En relación coa primeira alternativa, podería haber diferenzas, xurdidas xa durante o proceso de edición orixinal, entre este texto en pdf e o realmente publicado no seu día. O GAAP e o equipo do proxecto agradecen a colaboración de autores e editores.

Unha noite de novembro vin morrer a un home asasinado por un automóvel diante da miña casa. En tan breve tempo sufriu ese corpo unha tan complexa transformación que eu poden sentir na miña propia carne a violencia dun súbito e definitivo envellecimento.

Durante todo o século que tardaron en chegar as ambulancias fixo-se-me presente a sucesión completa das páxinas deste libro: a fundación da Cidade, os agoiros destrutivos, o tránsito fantasmal dos nómadas e dos desherdados, o ingreso dos mortos nas lagoas do arrabaldo, as sombras que perseguen aos nenos até o calor dos campos interiores, un duro amor mortal contra a Cidade, ese vulto humano que non comprendo.

Logo fun desenvolvendo aquela ferida eléctrica (escrita antes nos documentos que exhiben os perseguidos para solicitar hospedaxe) en palabras que pretendían reconstruír a ruína, os meus días desabitados.

Ao final escribin unha «Declaración e comentáριο» para intentar comprender, con intelixencia poética, a intención obscura dos autores do meu libro, os habitantes da clepsidra. Na lectura dese texto descubrin que todo ficara explicado xa no lóstrego mortal daquela noite de novembro.

Confío en que *Os documentos da sombra* sirvan para conxurar (non para disimular) o apaixonado terror que usa a Cidade contra os seus habitantes.

XOSÉ M<sup>a</sup> ÁLVAREZ CÁCCAMO